



Tras máis de **15 meses dun Goberno “da esquerda”**, como eles mesmos se denominan

“Instalouse en Ponteareas o desgobierno e a incompetencia”

1 CLAMOR VECIÑAL, SOCIAL E COMERCIAL

As palabras lévaas o vento. Esa é a triste realidade do actual Goberno de Ponteareas. Máis de 15 meses “vendendo” fume sen aportar solucións eficaces ós problemas reais do pobo e das parroquias.

Non o dicimos nós, senón que son as verbas de veciños, colectivos, asociacións e tamén dos máis achegados a este goberno, que solicitan, incluso, a **dimisión** de boa parte do mesmo.



Goberno da **CONTRADICIÓN**.

¿DEMÓCRATAS?

A pesar de que BNG, PSOE e ART perderon as eleccións, desprezaron á maioría dos veciños e non deixaron gobernar á lista máis votada.

¿PROGRESISTAS?

Privatizan servizos públicos, eliminando prazas de funcionarios e contratando empresas eléctricas, servizos xurídicos, empresas de desbroces, asesorías, etc. por máis de 150.000 €.

Isto a maiores do que xa existía, como a recollida de lixo, limpeza de colexios, axuda no fogar, ... servizos que eles mesmos, cando estaban na oposición, criticaban e pedían que foran eliminados.

¿SOLIDARIOS?

Destinan só 90.000 € a Emerxencia Social fronte a 200.000 € para festas e festexos, co beneplácito de ART e EU.



O Goberno do Cambio (BNG-PSOE-ART)

Destinan 200.000 € para FESTAS e só 90.000 € para EMERXENCIA SOCIAL

2 XOSÉ REPRESAS (BNG), Alcalde

Formou un Goberno de “perdedores”, cos únicos obxectivos de:

- **Non deixar gobernar ó PP**, que foi a lista máis votada polos veciños.

- **Cobrar bos soldos**: Repártense 6 soldos, cando eles mesmos dicían que con 4 chegaba, e cobran máis por Asistencias a Plenos, Comisións de Goberno e Comisións Informativas, incrementándoas nun 17% respecto á lexislatura pasada.



INGRESOS

Pensión xubilación	35.000 €
Asistencias Concello	10.000 €
Dietas Concello	2.000 €

TOTAL INGRESOS:

47.000 €/ano

(3.916 €/mes)

**¡O MESMO QUE
CALQUERA VECIÑO!**

Dirixe o Concello de xeito “dictatorial”, sen buscar “consenso” e sen “transparencia” nos asuntos. Incumpre habitualmente coa Lei e adopta acordos con informes desfavorables.

Abandono total e absoluto dos servizos básicos

A inoperancia do Goberno queda patente na total falta de desbroces nas parroquias, limpeza de pistas, parques, áreas recreativas (A Freixa, Moscadeira, Castro de Troña,..), todo por falta de planificación, a pesar de ter o maior número de traballadores subvencionados dos últimos anos, en concreto 138 nestes 15 meses.



POR PRIMEIRA VEZ, “A FREIXA” QUEDOU SEN SOCORRISTAS

3 FRANCISCO ALONSO (BNG), Concelleiro de Facenda e Persoal



Incompetente e mentireiro

Propuxo e “vendeu” como un logro o orzamento para o ano 2016, que naceu **desfasado, lonxe da realidade** do Concello e **sen cambios substanciais**.

	Orzamento 2010 prorrogado	Orzamento 2016 Ingresos
Ingresos	13,68 millóns €	12,57 millóns €
Gastos	12,07 millóns €	12,57 millóns €

(Fonte datos: Orzamentos 2010 e 2016)

6 anos despois, menos ingresos e máis gastos para menos ingresos

Un documento **sen consenso**, aprobado co voto de calidade do Alcalde, ó non ter o apoio da oposición e con **informes desfavorables** de Secretaría e Intervención. Non incluíron ningunha aportación dos grupos da oposición.

Mes e medio despois de ser aprobado, propuxo ó Pleno unha **1ª modificación**, para incluír 50.000€ para Festas e para o pago de facturas sen contabilizar do ano 2015.

Por outra banda, **comprometeuse** cos traballadores e sindicatos a ter unha **RPT (Relación Postos Traballo)** no ano 2015, e **agora neste ano quere descartala**, propondo eliminar 40.000 € da partida para RPT do Orzamento.

Isto valeulle a **petición de dimisión por parte dos sindicatos**.

<http://www.farodevigo.es/comarcas/2016/08/24/sindicato-cc-oo-pide-dimision/1520735.html>

El sindicato CC OO pide la dimisión del concejal de Personal de Pontearreas
Acusan a Francisco Alonso de "cargarse la RPT" para pagar facturas del año 2015
 B.L. | Pontearreas 24.08.2016 | 01:40

ADEMAIS...

- Non paga ós funcionarios a Paga Extra 2012
- Os Policías estiveron 8 meses sen cobrar parte do soldo
- Non tramita o expediente deixado polo PP para regular a 2ª actividade dos Policías.
- Os Bombeiros fan horas extras para cubrir o servizo porque o Concelleiro non quere convocar prazas baleiras.
- Vai gastar 100.000 euros en dúas novas prazas (Inspector de Policía e Técnico de Intervención), con informes desfavorables da Secretaria.
- Non querer sacar a concurso as dúas prazas, para cubrilas “a dedo”.

4 M^a JESÚS GARROTE (PSOE), Conc. Urbanismo e Vías e Obras



Sen coñecementos para dirixir as áreas

Cun salario de 25.200 € (2.100 €/mes), a socialista María Jesús Garrote amosa unha clara falta de preparación para dirixir coa eficacia necesaria as áreas encomendadas.

URBANISMO: PXOM

BNG e PSOE cando eran oposición calificábanos de “pelotazo”. O PSOE incluso foi máis alá, negándose a súa aprobación se non incluía o Plan parcial de A Lomba.

<http://www.atlantico.net/articulo/area-metropolitana/planeamiento-pxom-y-lomba-vez/20130127090500211613.html>

EL PSOE DE PONTEAREAS EXIGE EL DESARROLLO DEL ÁREA INDUSTRIAL
Planeamiento del PXOM y A Lomba, 'a la vez'

'Es necesario asegurar el asentamiento empresarial, la creación de empleo y la prosperidad de Ponteareas'. Así esgrime su argumentación el PSOE a la hora de defender el desarrollo del planeamiento del área industrial de A Lomba 'a la vez que el PXOM', en la creencia más absoluta 'de que debe hacerse simultaneamente'.



- Agora as **esixencias mudaron**. Non fixeron cambios “sustanciais” porque senón non valerían as **autorizacións**. E o Plan Parcial de A Lomba non se fixo.
- Aínda non foron enviadas todas as **alegacións**, a pesar de que eles mesmos o esixían.
- **Non todos os membros do goberno respaldaron o documento**, e aínda así consideran que a aprobación provisional foi un logro do goberno, cando a realidade é que sen a responsabilidade do PP, que votou a favor, este documento non se aprobaría provisionalmente
- Despois de 15 meses o documento está sen aprobar definitivamente.

VÍAS E OBRAS

- Abandono total das estradas municipais.
- Nula planificación e coordinación do persoal.
- Cómplice do estado lamentable das estradas da Deputación que atravesan Ponteareas.



5 MARIO LAGO (PSOE) Concelleiro de Comercio

As súas actuacións só xeraron crispación cos comerciantes, cos hostaleiros e cos veciños. Moi pouco respetuoso e inoperante.



6 VANESA FERNÁNDEZ (PSOE), Conc. de Tráfico e Seguridade



A revolución en negativo

Concelleira e Funcionaria de Tráfico (preto de 50.000 € de soldo), Vanesa defínese como solidaria, social e sindicalista. Dende que chegou, a concellería vive en total “convulsión”.

SERVIZO POLICÍA LOCAL

- Ten o 70% dos efectivos de baixa.
- Prioriza en contratar “a dedo” un Inspector de Policía, retrasando meses o pago das noites á Policía.
- “A seguridade do pobo en mans dos ladróns”.

SERVIZO BOMBEIROS

- Tendo en conta a actual plantilla coa que contan os Bombeiros, resulta insuficiente para as necesidades reais.
- A pesar desa realidade, votou en contra da proposta do PP de convocar dúas novas prazas.

PECHE PRAZA MAIOR

Sen dúbida un dos temas máis controvertidos do departamento que dirixe Vanesa.

Tomou a decisión de peatonalizar a Praza Maior “a golpe de decretazo”, xerando unha polémica onde non existía, por non buscar o consenso.

Fai todo ó revés: Primeiro aprobou a medida de peche do tráfico e agora acorda elaborar un Plan de Humanización.

A súa actuación supúxolle que comerciantes e veciños pediran a súa dimisión.



7 MANUEL TRONCOSO (ART) Conc. Servizos Sociais

Concelleiro de ART e Funcionario de Educación (preto de 50.000 € de soldo), ata os seus propios militantes piden a súa dimisión por incompetente, incoherente e, según eles por “vaguedade”.

Votou en contra de incrementar a partida de Emerxencia Social ata os 120.000 €/ano e de crear axudas para o pago do IBI das familias desfavorecidas, como pediu no Pleno o PP



8

É UNHA FALSEDADE QUE O GOBERNO DO PARTIDO POPULAR DEIXARA A BNG-PSOE-ART SEN CAPACIDADE ECONÓMICA

A incapacidade dun equipo de goberno (BNG-PSOE-ART) non se pode xustificar mentindo sobre unha realidade económica documentada.

E esa realidade é que **o Goberno do PP deixou cartos suficientes** para que os novos inquilinos do Concello tiveran capacidade para poder desenvolver a súa labor sen problemas.

En concreto, a 12 de xuño de 2015, a data do relevo, aínda quedaba o **60% do orzamento sen gastar, o que supón 8,44 millóns €.**

Tamén é falso que non houbera **cartos no banco**, xa que a 30 de xuño o saldo era de **690.000 €**, despois de pagar a Sentenza de Construcciones Vale (600.000 €) e as nóminas e seguros sociais de xuño.

A **mala xestión**, por parte de **BNG-PSOE-ART fixo que gastaran máis do permitido**, incumprindo, por primeira vez, a Lei de Estabilidade Orzamentaria. A **consecuencia** foi que o Goberno foi obrigado a **“declarar indispoñibles” 511.727 €**, para compensar ese gasto a maiores.



AS CONTAS CLARAS

GOBERNO DO PP

(1 xaneiro a 12 xuño 2015)

Gastado: **5,77 millóns €**

Sen gastar: **8,44 millóns €**
(o 60% do orzamento)

No banco: **690.000 €**

É TOTALMENTE FALSO QUE O GOBERNO BNG-PSOE-ART NON TIVERA CAPACIDADE ECONÓMICA

9

O PLAN DE SEANEAMENTO 2014-2016 ELABORADO POLO PP FOI O QUE FIXO POSIBLE APROBAR O NOVO ORZAMENTO

A Lei impedía elaborar un Orzamento no Concello sen ter antes un **Plan de Saneamento** que dera cobertura ó Remanente negativo de Tesourería (déficit).

Nesta tarefa centrou o PP todo o seu traballo na lexislatura 2011-2015, para a aprobación dun Plan de Saneamento 2014-16 e as medidas contidas no mesmo, o que fixo que o Concello se acollese a excepcionalidade que marca a Lei, **para así dar cobertura legal á elaboración dun Orzamento.**

Non existía “desorde contable” por ter un Orzamento prorrogado, porque:

1. As Contas presentábanse cada ano
2. Existía un Plan de Saneamento aprobado polo Pleno, que marcaba as actuacións do Goberno do PP.

ESTE É O GOBERNO DO CAMBIO, O DAS GRANDES MEDIDAS?

EMPREGO

- Aumentan as diferenzas salariais
- Non complementan os salarios dos traballadores subvencionados, cando antes dicían que eran “salarios miserables”
- Máis gastos en persoal. Os que dicían que “hipotecaban” o Concello, agora gastarán 5,6 mill. €, o 44% do orzamento
- Despois do que presumiu o Alcalde da renuncia ó seu soldo para crear emprego, só destinou 12.000 euros.

DEPORTES

- Rebaixan as subvencións ós Clubs Deportivos de 60.000 € a 48.000 €, a pesar de que cando estaban na opción solicitaban un incremento, ata os 100.000 €.

Non aceptan a proposta do PP:

- Aumentar as subvencións destinadas ós Clubs Deportivos ata 75.000 €

INVERSIÓN

- Tan só 62.000 € de fondos municipais, un 0,5% do orzamento.
- Non hai cartos para o Plan Parcial de A Lomba nin o Plan Director do Parque Picaraña (BNG).
- Non hai cartos para depuradoras naturais (comprometidas con EU).
- No Plan de Obras da Deputación non se inclúe saneamento no rural, melloras en Centros Culturais, alumeados,

Ningunha das propostas do PP incluída

SOCIAL

- Aumentan 30.000 € (pasan de 60.000 a 90.000) a Emerxencia Social.
- Reducen cartos na Residencia da Terceira Idade e a Gardería.
- Non existe partida para o Centro de Día, que custa máis 100.000 €/ ano.

Non aceptan as propostas do PP:

- Aumentar ata 1200.000 € a Emerx. Social
- Destinar 25.000 € ó Banco Alimentos

CULTURA

- Non apoian con máis cartos ós Centros Culturais, Bandas, Corais,.., a pesar de que a Deputación de Pontevedra (PSOE-BNG) eliminou as axudas a estas asociacións.

Non aceptan a proposta do PP:

- Aumentar as subvencións ós Centros Culturais ata 75.000 €

EDUCACIÓN

- Aumento das taxas da Escola de Música Municipal.
- Aumento das taxas da Gardería Infantil.
- Intento de privatización do servizo da Escola de Música.

OUTROS

- Pagan á empresa FCC, que recolle o lixo, 126.000 € máis ó ano, por non continuar co trámite do expediente deixado polo PP.
- Os “defensores” do público, destinan 2,5 millóns € a contratar empresas externas.

Propostas do PP levadas a Pleno:

- Bonificación do 95% no Imposto de Plusvalías (herdanzas). **Medida aprobada.**
- Rebaixas de impostos: IVTM e ICIO a partir de xaneiro do 2017.

EN POSITIVO



A EFICAZ XESTIÓN DO PP PERMITIRÁ QUE NESTE ANO 2016 AS CONTAS DO CONCELLO QUEDEN SANEADAS

Aínda que dende o goberno do BNG-PSOE-ART falaban dun Concello endebedado cando tomaron posesión, a realidade é que **a finais deste ano 2016 o Concello estará saneado**. E será **grazas as medidas** postas en marcha na anterior lexislatura polo goberno **do PP**, e non pola xestión deste Goberno, que non puxo ningunha nova medida en marcha.

Reducción do Déficit (remanente negativo de tesourería)

ANOS	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Millons €	-14,00	-10,46	-9,52	-7,45	-4,11	+0,08

(Fonte datos: Informes de intervención municipal)

No ano 2012 o Estado anticipou 8,24 millóns € ó Concello para pagar facturas dentro do Plan de Pago a Proveedores.

Co **Plan de Saneamento 2104-2016** puxéronse en marcha medidas que **en 3 anos lograron reducir as débedas históricas e pagar os 8,24 mill.€**, cos correspondentes custes financeiros ó Estado.

Todo isto, sen deixar de pagar a Seguridade Social, o Préstamo co Banco de Santander, outro do BBVA e tamén as obrigas dos anos correntes.



PROPOSTAS DO PP Ó PLENO PARA A REDUCCIÓN DE IMPOSTOS TRALA MELLORA DA SITUACIÓN ECONÓMICA

Ante os resultados positivos e o remate do Plan de Saneamento a finais deste ano, O PP solicitou ó Pleno a **rebaixa do Imposto de Vehículos (IVTM) e do Imposto de Construcións (ICIO)**.

Cumpre así o PP o compromiso adquirido cos veciños no 2013, de que o esforzo solicitado para o saneamento das contas municipais remataría no 2016.

